CONDICIÓNS TÉCNICAS PARA A INSTALACIÓN DE CASETAS CON DESTINO Á ACTIVIDADE DE CARS A PEDAIS

## 1 Antecedentes

Redáctase o presente presente prego de condicións técnicas a petición do secretario da Administración Municipal, co obxecto de buscar a situación máis idónea para a instalación de casetas con destino á actividade de CARS A PEDAIS.

## 2 Condicións técnicas

2.1.- As casetas empregadas para a prestación da actividade non serán fixas. É dicir, poderán ser desmontadas do seu emprazamento con facilidade.

2.2.- As casetas previstas para a instalación da actividade serían DÚAS (2) e as súas dimensións máximas en planta de 6,00 m de longo por 2,40 m de ancho.
Está prevista que para o seu desenvolvemento se empreguen 30 vehículos (20 monoprazas, 8 biprazas e 2 de catro prazas.

2.3.- A situación das casetas sería a que figura no plano de situación que se achega e nas fotografías do reverso destas condicións.

2.4.- A instalación das casetas sería de xeito temporal durante o período comprendido en tre o 1 de abril e o 30 de outubro, ambos inclusive.

2.5.- O pel exterior das casetas será de madeira ou dun material que harmonice co entorno do parque, para a súa autorización deberá contar previamente co informe favorable dalgunha das oficinas técnicas da AMAPO.

2.6.- Correrá a cargo da adxudicataria o enganche a rede eléctrica, de auga potable, da rede de sumidoiros, no caso de que fora necesario para o desenvolvemento da actividade.

2.7.- O adxudicatario da actividade conservará en perfectas condicións o emprazamento e entorno da instalación, debendo quedar nas mesmas condicións no que se atopaba logo de proceder a súa desmontaxe. Así mesmo, y con independencia dos seguros de responsabilidade civil que procedan, responderá de calquera desperfecto no mobiliario urbano, céspede, arborado que se produza como consecuencia da actividade. Polo anterior, deberase impoñer á adxudicataria un aval de 6.000,00 € co obxecto de responder ante posibles desperfectos provocados pola explotación.

Pontevedra, 27 de marzo de 2015
O arquitecto técnico municipal





CASETAS DE 6.00X2.40




CONDICIONS TÉCNICAS PARA A INSTALACIÓN DE CASETAS CON DESTINO Á ACTIVIDADE DE CARS A PEDAIS.

CONCELLO DE PONTEVEDRA

febreiro 2015

Plano SITUACIÓN

escala

Plano 01

LUIS COSTA FERRER